



**CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E AGEINCO CO
FIN DE ACOLLER BOLSEIROS/AS DE INTERNACIONALIZACIÓN.**

En Santiago de Compostela, a 1 de marzo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Juan Manuel Cividanes Roger, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q 6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela. (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E doutra parte, D./D^a en representación de AGEINCO con CIF:G36942720 en domicilio Progreso 36-2ºA 36202 Vigo, Pontevedra. Está facultado para este acto como representante legal de AGEINCO.

As partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente,

EXPOÑEN

1.- Que mediante Resolución da Dirección Xeral do Igape do 23 de outubro de 2015 publicáronse as bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial.

2.- Que estas bases regulan a concesión dun máximo de 60 bolsas de formación práctica -no ámbito da internacionalización empresarial- para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e, para investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

3. -Que os posibles destinos dos bolseiros indicados nas bases son: oficinas da rede Pexga, antenas Igape no estranxeiro, oficinas comerciais de España no exterior, cámaras de comercio españolas no estranxeiro, organismos multilaterais, Igape, organismos intermedios galegos, centros de investigación, empresas e/ou outros organismos en Galicia ou no estranxeiro.

4.- Que ambas organizacións coinciden no interese de colaborar en accións que faciliten o acceso das empresas a novos mercados, a formación persoal especializada en internacionalización, e acceso das empresas galegas a profesionais con este perfil.

5.- Que, convido aos lexítimos intereses dos comparecentes, acordan regular a dita colaboración de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre o Igape e AGEINCO para a acollida dun bolseiro(s) da convocatoria de bolsas de internacionalización do Igape.

SEGUNDA.-

A duración da bolsa no organismo de acollida é dun máximo de 13 meses a partir de marzo de 2017. A dita duración poderá ser prorrogada polo Igape por un período máximo de doce meses adicionais en consideración á conveniencia de finalizar etapas de formación que xa estivesen comezadas ou a piques de comezar na data de finalización da bolsa, sempre e cando Ageinco acepte a prolongación da estadia.

A dotación da bolsa será pagada integramente polo Igape ao bolseiro, e inclúe todos os impostos de carácter persoal así como a Seguridade Social. O Igape non aboará ningunha cantidade á entidade colaboradora. No caso de que das tarefas encomendadas polo organismo se incurra noutros gastos non cubertos polas bases reguladoras do programa, estes gastos serán por conta do organismo.

O Igape asignará o bolseiro a Ageinco tendo en conta a puntuación final obtida polos bolseiros na resolución definitiva, e as súas preferencias.

O Igape poderá substituír ao bolseiro no caso de que renuncia do bolseiro anterior ou por cambio de destino por causa xustificada.

TERCEIRA.-

A colaboración de AGEINCO consistirá en:

- A execución, dentro do horario laboral, do plan de formación plantexado por AGEINCO, que se une como anexo ao presente convenio.
- A realización, a través do(s) titor(es) propostos e que se indica no anexo ao presente convenio, do seguimento da actividade desenvolta polo bolseiro dentro do programa de formación establecida, e a provisión do asesoramento necesario para o seu correcto desenvolvemento e integración.
- A realización e envío ao Igape de informes acumulados trimestrais de execución e resultados do programa de formación, así como o informe final.
- Permitir a execución por parte do bolseiro de tarefas complementarias que o Igape lle poida asignar así como a participación en reunións, seminarios,... aos que o bolseiro sexa convocado polo Igape, sendo neses casos por conta do Igape os gastos de desprazamento, que se aborarán directamente ao bolseiro como parte da dotación da bolsa.
- A posta a disposición das instalacións e os medios apropiados para o desenvolvemento da bolsa.
- A inclusión do bolseiro no plan de prevención de riscos de AGEINCO, asegurándose de que é coñecedor do dito(s) plan(s).
- O bolseiro deberá cumprir co réxime de ordenamento interno de AGEINCO.
- Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.



CUARTA.-

As actividades do beneficiario serán en todo caso formativas, sen que en ningún suposto poida ostentar a condición de responsable, nin tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. O bolseiro deberá estar en todo momento supervisado e controlado polo titor que se lle designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque o beneficiario aproveite con éxito o proceso de formación.

Os dereitos e obrigas establecidas en virtude do presente convenio de colaboración non presupoñen relación laboral nin de servizos entre Ageinco e o bolseiro.

QUINTA.-

A entrada en vigor do convenio será desde a firma do mesmo . A súa duración será ata o 31/08/2018.

SEXTA.-

As controversias que puidesen xurdir da interpretación do presente convenio resolveranse por unha Comisión Mixta constituída por un representante designado por cada unha das partes e presidida polo director xeral do lgape, a cal se reunirá a convocatoria de calquera dos seus membros, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e correspondendo contra os mesmos recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Santiago de Compostela.

SÉTIMA.-

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

A entidade colaboradora someterase aos mecanismos de inspección e de control que o lgape considere convintes, vinculadas ás actividades formativas dos beneficiarios en relación coa bolsa concedida

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.-

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas e no disposto por elas, polas normas de Dereito Público español, isto é, a Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e demais normas subsidiarias.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade asínase por duplicado exemplar no lugar e data arriba indicados.

Polo lgape:

Por Ageinco

Asdo.: Juan Manuel Cividanes Roger

D./Dª



ANEXO PLAN DE FORMACIÓN	
NOME TITOR BOLSEIRO:	Marta Gallego Ramos
MERCADOS DE INTERESE:	México, Colombia, Israel. Outros mercados relacionados cos anteriores.
ACCIONS INTERNACIONALIZACIÓN PREVISTAS 2016/2017:	- Organización dun encontro con as empresas socias para explicar a axuda Galicia Exporta Organismos Intermedios, a que vai optar a Asociación e convidarlles a que participen e propoñan acción - Creación duna bolsa de horas para que as empresas socias poidan recibir servizos personalizados en materia de internacionalización. - Outras acción que poidan surxir a raíz das anteriores.